



ORDENANZA REGULADORA DA CONCESIÓN DE SUBVENCIONS POLO CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha das manifestacións máis importantes da actividade financeira do sector público canalízase a través do outorgamento de subvencións, coa finalidade principal de dar resposta ás demandas sociais e económicas das persoas, entidades ou asociacións, públicas e privadas.

Desde a perspectiva económica as subvencións constitúen unha modalidade do gasto público, e, polo tanto, deben someterse ás directrices da política orzamentaria, orientada na actualidade aos criterios de crecemento, desenvolvemento en todos os sectores e estabilidade e equilibrio orzamentario.

Definido este marco xeral do equilibrio orzamentario, que lles impide ás administracións públicas en xeral e á Administración local en particular gastar máis do recadado, faise necesario, ao abeiro da potestade regulamentaria ou de autoorganización que se lles atribúe ás entidades locais no artigo 4.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, trasladar os principios xerais desta política ao ámbito local.

Deste xeito, para cumprir estas ideas e co obxectivo de axustarse ao disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións, o Concello de San Cibrao das Viñas aproba esta Ordenanza reguladora da concesión de subvencións.

OBXECTO

Artigo 1º

1.- E obxecto desta ordenanza establecer os principios, criterios e procedemento para a concesión de subvencións a persoas físicas ou xurídicas, entidades, asociacións ou organismos, cando os seus servizos ou actividades complementen ou suplan os atribuídos á competencia local.

2.- Considérase subvencións calquera auxilio directo ou indirecto, valorable economicamente, a expensas da entidade local, que outorgue a Corporación, sempre que:

- A entrega se realice sen contraprestación.
- Se atope suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, actividade ou proxecto.
- O seu obxecto sexa o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

PREVISIÓN ORZAMENTARIA

Artigo 2º



As subvencións concedidas conforme ao disposto nesta ordenanza outorgaranse con cargo á partida orzamentaria que, para este efecto, se estableza cada ano no orzamento xeral do Concello de San Cibrao das Viñas.

CRITERIOS XERAIS

Artigo 3º

- a) As subvencións terán carácter voluntario e eventual e a súa concesión non implica obrigatoriedade por parte do Concello e non crea dereito nin establece precedente para futuras concesións.
- b) A Corporación poderá reducilas ou revogalas en calquera momento, salvo cláusulas en contrario.
- c) Non será esixible o aumento ou a revisión da axuda económica.
- d) As subvencións outorgaranse consonte aos principios previstos no artigo 8 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, é dicir publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia e eficiencia.

PETICIONARIO

Artigo 4º

Poderá solicitar as subvencións obxecto desta ordenanza calquera persoa física ou xurídica que cumpra os seguintes requisitos:

1.- Entidades.

- a) Que a súa sede social radique no termo municipal de San Cibrao das Viñas, desenvolvendo de xeito prioritario o exercicio da súa actividade neste concello. Debe estar rexistrada no Rexistro Municipal de Asociacións, e debe cumprir o establecido no seu regulamento regulador. De xeito excepcional eximiráselles de cumprir este requisito ás asociacións ou entidades que a xuízo do órgano competente desenvolvan labores de carácter educativo, cultural ou benéfico, e ás comisións de festas.
- b) Que se atopen constituídas sen fin de lucro.
- c) Ter xustificadas as subvencións concedidas en ocasións anteriores polo Concello.

2.- Persoas físicas: deberán estar empadroadas no Concello de San Cibrao das Viñas e presentar a documentación que para cada tipo de axuda se estableza nesta ordenanza ou nas convocatorias correspondentes.

3.- Agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, comunidades de bens e calquera outro tipo de unidades económicas que aínda carecendo de personalidade xurídica poidan levar a cabo os proxectos, actividades ou comportamentos ou se encontren na



situación que motiva a concesión da subvención, sempre que estean empadroadas no Concello.

ÓRGANOS COMPETENTES PARA O OUTORGAMENTO DA SUBVENCIÓN

Artigo 5º

- a) O alcalde en canto que a subvención supoña a disposición de gastos dentro dos límites da súa competencia, de acordo co orzamento aprobado (artigo 21.1 f) da Lei 7/1985, do 2 de abril).
- b) O Pleno do Concello sempre que a subvención que se vaia conceder, individualmente, supere os límites de disposición do gasto atribuídos ao alcalde de acordo co orzamento aprobado.
- c) A Xunta de Goberno local por delegación de facultades do alcalde ou do Pleno do Concello.

PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

Artigo 6º

Establécense as seguintes modalidades de subvencións:

- 1.- Procedemento en réxime de concorrencia competitiva:

Será o procedemento ordinario. Para estes efectos terá a consideración de concorrencia competitiva o procedemento mediante o cal o outorgamento de subvencións se realiza mediante a comparación das solicitudes presentadas co fin de establecer unha prelación entre estas de acordo cos criterios previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria. Neste suposto a concesión formularase polo órgano competente.

- 2.- Procedemento de concesión directa.

Poderase empregar nos seguintes supostos:

- a) Aqueles que aparezan de xeito nominativo no orzamento xeral do Concello.
- b) Aqueles nos que a súa concesión ou contía veña imposta por unha norma de rango legal, seguíndose neste caso o procedemento de concesión que lle resulte de aplicación de acordo coa súa normativa.
- c) Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións ou axudas nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico, humanitario ou calquera outro debidamente xustificadas, que dificulte a súa convocatoria pública. Este carácter excepcional será apreciado polo órgano competente mediante acordo debidamente motivado.

CRITERIOS DE VALORACIÓN

Artigo 7º



Para a concesión das subvencións e para fixar as contías daquelas, valorarase a maior ou menor concorrencia das condicións seguintes:

- a) A continuidade, estabilidade e solvencia da entidade solicitante no ámbito no que se desenvolva a actividade proposta.
- b) A dificultade acreditada pola entidade solicitante para acudir a outros medios de financiamento, así como os medios económicos cos que conta aquela.
- c) O número de persoas potencialmente beneficiadas.
- d) A viabilidade da actividade que se vaia desenvolver.
- e) Aqueloutras que, polas características de actuación poida establecer o órgano resolutor.

DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBERÁ ACHEGAR

Artigo 8º

Documentación que hai que presentar:

- 1.- As solicitudes dirixiranse á Alcaldía e presentaranse no Rexistro Xeral do concello.
- 2.- Fotocopia do DNI da persoa que faga a solicitude.
- 3.- Orzamento aproximado das actuacións que deban ser subvencionadas, cunha breve memoria explicativa destas.
- 4.- Declaracións xurada do solicitante na que exprese o seu compromiso de aplicar o importe da axuda ás actuacións subvencionadas, e que non xera lucro ningún.
- 5.- No caso de asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, tamén será de aplicación o previsto no Regulamento regulador do Rexistro Municipal de Asociacións do Concello. Se as solicitudes non reuniran os requisitos esixidos ou non viñeran coa documentación referida, requiriráselle ao interesado un prazo para que corrixa as deficiencias (en defecto de prazo establecido na convocatoria será de dez días), advertíndolle que, no caso contrario, producirase a caducidade do procedemento.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Artigo 9º

Aterase ao que dispoñan as bases que regulen as convocatorias específicas.

Nas establecidas nominalmente no orzamento xeral, a partir da entrada en vigor deste.

OBRIGAS DO BENEFICIARIO

Artigo 10º



Son obrigas dos beneficiarios:

- a) Executar o proxecto ou actividade subvencionada.
- b) Xustificar diante do Concello o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o Concello, así como ás de control financeiro que se poidan realizar.
- d) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións ou axudas que financien a actividade subvencionada.
- e) Acreditar con anterioridade á concesión atoparse ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social.
- f) Dispoñer, cando así o esixan as bases da convocatoria, dos libros, estados ou rexistros contables requiridos.
- g) Conservar documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.
- h) Adoptar medidas de difusión de que a actividade se atopa subvencionada polo Concello de San Cibrao.
- i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos no suposto de uso indebido.

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

Artigo 11º

Os beneficiarios das subvencións deberán presentar nas oficinas municipais, nun prazo inferior aos tres meses desde a finalización da actividade (en defecto de prazo específico), a documentación seguinte:

1.- Facturas orixinais e fotocopia delas, co obxecto de aprobación. Para estes efectos as facturas deberán estar debidamente conformadas. Non se admitirá como xustificación ningún gasto realizado para o cumprimento de fins distintos para os que se concedeu a subvención.

2.- No caso de que se xustifique un gasto inferior ao da subvención concedida, esta recortarase de xeito que nunca sexa superior aos gastos xustificadas.

3.- Cando se realicen pagamentos a entidades que teñan que presentar a declaración do IVE a xustificación deberá vir coa factura correspondente ou duplicado desta.

O IVE non será subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación.

RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 12º



En todo o referente ao réxime sancionador estarase ao disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

O órgano competente para o outorgamento da subvención realizará o oportuno seguimento das actividades subvencionadas, podendo solicitar en calquera momento as explicacións e a documentación que considere oportunas.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

Será competencia da Alcaldía a interpretación e a resolución das dúbidas que desta ordenanza poidan resultar.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA

A concesión de subvencións ás que se refire esta ordenanza non implicará relación contractual de carácter civil, laboral, administrativo ou de calquera outro tipo entre o Concello e a persoa ou entidade beneficiaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA

Quedan excluídas do ámbito de aplicación desta ordenanza as subvencións que o Concello poida outorgar e que tiveran o seu fundamento en convenios ou decisións específicas subscritas polo Concello e outras administracións públicas ou institucións de todo tipo. Así mesmo, non será de aplicación para actuacións ou actividades de iniciativa municipal en materias da súa competencia, sempre que o seu outorgamento sexa conforme á legalidade.

San Cibrao das Viñas, 18 de outubro de 2004

A ALCALDESA